

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

#### **ASUNTO: CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO CON AUTOESCALEIRA AUTOMÁTICA DE 42 METROS ARTICULADA PARA USOS MÚLTIPLES E SERVIZO DE EMERXENCIAS DO CONCELLO DE LUGO.**

---

Sendo as 13:30 horas do día 4 de decembro de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Rosana Rielo Rozas, Oitava Tenenta de Alcalde Delegada, actuando en suplencia da Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e actuando como vocais dona Carmen Basadre, Tenenta de Alcalde da área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua ; dona Esther Muñoz Mella, en representación do Partido Socialista PSG-PSOE; don Ángel Trabada Gómez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular; dona Paz Abaira Sobrado, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana I. Sáez Mancebo da titular da Asesoría Xurídica, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello, e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz, xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr. Secretario a dar lectura do informe técnico relativo a á valoración dos criterios non avaliábles automaticamente, co seguinte teor:

"ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO CON AUTOESCALEIRA AUTOMÁTICA DE 42 METROS ARTICULADA PARA USOS MÚLTIPLES E SERVIZO DE EMERXENCIAS DO CONCELLO DE LUGO  
Asunto: VALORACIÓN DOS CSRITERIOS NON AVALIABLES PARA A CONTRATACIÓN DA SÚA ADQUISICIÓN

Informe:

A oferta única presentada polo Grupo Industrial ITURRI, dunha auto-escaleira MAGIRUS M42L-AS, co último tramo articulado adaptase e incluso mellora as condicións e esixencias específicas recollidas no Prego de Prescricións Técnicas base para súa licitación, tanto na propia auto-escaleira, como no equipamento polo que a súa puntuación e clara e difinitiva, entendemos que acada a máxima puntuación posible.

E canto procede informar e do dque se da traslado os efectos solicitados."

A continuación por parte da Presidenta da Mesa procédese á apertura do sobre C da mercantil presentada e admitida á licitación, co seguinte resultado:

- \* prezo de 783.696,18 €, máis o 21% de IVE (164.576,19 €), o que supón un total de 948.272,37 €, IVE incluído
- \* prazo de entrega: 325 días naturais dende a formalización do contrato
- \* Unha garantía a maiores da exisida de 3 meses

**CONTRATACION**

MLA/rdi

Ref: VEHICULO AUTOESCALEIRA BOMBEIROS 2014

Asunto: ACTA APERTURA LECTURA INFORME TECNICO E APERTURA SOBRE C

A vista do cal os membros da mesa acordan seleccionar a oferta presentada pola empresa Grupo Industrial ITURRI, por ser a única empresa presentada á licitación e cumprir as condicións establecidas nos pregos

Asimesmo acordan requirir á sinalada mercantil, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, presente a documentación sinalada na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas; así como ter constituída unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE

Sen máis que tratar dáse por rematada a sesión sendo as 13:45 horas do día anteriormente sinalado

A PRESIDENTA



Asdo: Rosana Rielo Rozas



O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz